



Guía Docente				
Datos Identificativos			2021/22	
Asignatura (*)	Alteracións de base condutual		Código	652G04014
Titulación	Grao en Logopedia			
Descriptoros				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Psicoloxía			
Coordinación	Bueno Palomino, Ana Maria	Correo electrónico	ana.bueno@udc.es	
Profesorado	Bueno Palomino, Ana Maria	Correo electrónico	ana.bueno@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Nesta materia proporciónase ao alumno/a formación dentro do ámbito da psicopatoloxía da linguaxe e a comunicación. Máis concretamente, abórdanse a definición, caracterización clínica, epidemioloxía, modelos etiolóxicos, criterios diagnósticos e diagnóstico diferencial do Trastorno Específico da linguaxe, trastornos da fluidez da fala, mutismo selectivo e Trastorno por Déficit de Atención/Hiperactividade, así como problemas da linguaxe e a comunicación no envellecemento, trastornos neurodexenerativos e enfermidade mental.			
Plan de continxencia	1. Modificacións nos contidos Sen cambios 2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen - Sesión Maxistral *Metodoloxías docentes que se modifican - Presentación oral: sesións síncronas a través de TEAMS - Estudo de casos: sesións síncronas a través de TEAMS - Proba obxectiva: farase telemáticamente a través do Campus Virtual 3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Sen cambios 4. Modificacións na avaliación - Proba obxectiva: farase telemáticamente a través do Campus Virtual *Observacións de avaliación: 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Sen cambios			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A6	Coñecer a clasificación, a terminoloxía e a descrición dos trastornos da comunicación, a linguaxe, a fala, a voz e a audición e as funcións orais non verbais.
A7	Coñecer, recoñecer e discriminar entre a variedade das alteracións: os trastornos específicos do desenvolvemento da linguaxe, trastorno específico da linguaxe, atrasos da linguaxe, trastornos fonéticos e fonolóxicos; os trastornos da comunicación e a linguaxe asociados a déficit auditivos e visuais, o déficit de atención, a deficiencia mental, o trastorno xeneralizado do desenvolvemento, os trastornos do espectro autista, a parálise cerebral infantil e as plurideficiencias; os trastornos específicos da linguaxe escrita; as discalculias; as alteracións no desenvolvemento da linguaxe por privación social e as asociadas a contextos multiculturais e plurilingüismo; os trastornos da fluidez da fala; as afasias e os trastornos asociados; as disartrias; as disfonías; as disglosias; as alteracións da linguaxe no avellamento e os trastornos dexenerativos; as alteracións da linguaxe e a comunicación en enfermidades mentais; o mutismo e as inhibicións da linguaxe; as alteracións das funcións orais non verbais: deglución atípica, disfagia e alteracións tubáricas.



A29	Adquirir a formación práctica para o traballo individual, grupal, cooperativo e de mediación con facilitador.
A31	Adquirir o desenvolvemento os recursos persoais para a intervención: habilidades sociais e comunicativas, habilidades profesionais, avaliación da propia actuación profesional, técnicas de observación, técnicas de dinamización ou toma de decisións.
A32	Utilizar tecnoloxías da información e da comunicación.
B1	Acceso, selección e xestión das fontes de información relevantes para a práctica profesional.
B3	Apreciar as distintas manifestacións da diversidade.
B7	Capacidade de análise e síntese.
B8	Capacidade de observar e de escoitar de forma activa.
B11	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B12	Comunicarse de maneira efectiva nun contorno de traballo.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
	A6 A7		
		B1	
		B7	
		B3	
		B8	
		B11	
	A29 A31	B12	
	A32		C3
			C6 C8
			C7

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1: Trastorno específico da linguaxe	Definición. Características clínicas. Epidemioloxía. Teorías etiolóxicas. Criterios diagnósticos. Diagnóstico diferencial.
Tema 2: Trastornos da fluidez da fala	Definición. Características clínicas. Epidemioloxía. Teorías etiolóxicas. Criterios diagnósticos. Diagnóstico diferencial.
Tema 3: Déficit de atención	Definición. Características clínicas. Epidemioloxía. Teorías etiolóxicas. Criterios diagnósticos. Diagnóstico diferencial.
Tema 4: Mutismo selectivo e inhibicións da linguaxe	Definición. Características clínicas. Epidemioloxía. Teorías etiolóxicas. Criterios diagnósticos. Diagnóstico diferencial.
Tema 5: Alteracións da linguaxe no envellecemento, trastornos dexenerativos e enfermidades mentais	Introdución. Alteracións da linguaxe e envellecemento. Alteracións da linguaxe e trastornos dexenerativos. Alteracións da linguaxe e enfermidade mental.

Planificación



Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A6 A7 B1 B3 B7 B8 B11 B12 C3 C6 C7 C8	23	23	46
Presentación oral	A6 A7 B1 B3 B7 B8 B11 B12 C3 C6 C7 C8	9	9	18
Estudo de casos	A6 A7 A29 A31 A32 B3 B7 B8 B11 B12 C6	9	9	18
Proba obxectiva	A6 A7 B7	1	58	59
Atención personalizada		9	0	9
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Sesións non presenciais nas que se exporán os contidos básicos do programa mediante materiais audiovisuais proporcionados aos estudantes a través do Campus Virtual.
Presentación oral	Sesións presenciais interactivas nas que se exporá contido complementario e resolveranse dúbidas sobre o exposto nas sesións maxistras.
Estudo de casos	Sesións presenciais interactivas nas que terá lugar a presentación de casos prácticos e posterior análise e discusión dos mesmos.
Proba obxectiva	Ao finalizar o curso realizarase unha proba obxectiva para avaliar os coñecementos do alumno/a sobre os contidos do programa.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	Orientación no traballo individual de análise dos casos prácticos plantexados na aula Titorías individuais para resolver dúbidas. Faranse a través de Teams (previa solicitude por correo electrónico)

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Estudo de casos	A6 A7 A29 A31 A32 B3 B7 B8 B11 B12 C6	Valorarase a análise dos casos prácticos.	20
Proba obxectiva	A6 A7 B7	Realizarase un exame final da materia consistente nunha proba obxectiva sobre os contidos do programa.	80

Observacións avaliación



Para superar a materia será REQUISITO IMPRESCINDIBLE:

obter unha CUALIFICACIÓN MÍNIMA DE 5 PUNTOS (nunha escala 0 - 10) no EXAME FINAL DA MATERIA

En aplicación da "Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo dos estudantes de grao na UDC", na avaliación dos alumnos aos que se recoñeceu a condición de estudantes a tempo parcial e a correspondente dispensa académica, só terase en conta a nota obtida no exame final, cuxo peso na avaliación será do 100%), podendo así obter a cualificación máxima sen asistir á análise e discusión dos casos prácticos.

Avaliación 2ª Oportunidade: seguiranse a mesma metodoloxía e criterios que na primeira, mantendo a nota obtida na análise de casos prácticos.

Fontes de información

Bibliografía básica

- American Psychiatric Association (2014). Manual Diagnóstico y Estadístico de los Trastornos Mentales DSM-5 5ª edición. Madrid: Editorial Médica Panamericana
- Caballo, V.E., Salazar, I. y Carroble, J.A. (eds) (2011). Manual de psicopatología y trastornos psicológicos.. Madrid: Pirámide
- Caballo, V.E. y Simón, M.A. (eds.) (2002). Manual de Psicología Clínica infantil y del adolescente. Trastornos específicos. Madrid: Pirámide
- González, M.T. (2011). Psicología Clínica en la infancia y la adolescencia. Madrid: Pirámide
- López, C. y Romero, A. (2013). TDAH y trastornos del comportamiento en la infancia y la adolescencia. Madrid: Pirámide
- Macià, D. (2012). TDAH en la infancia y la adolescencia. Madrid: Pirámide
- Mendoza, E. (2004). Trastorno Específico del Lenguaje. Madrid: Pirámide
- Olivares, J. (2007). Tratamiento psicológico del mutismo selectivo. Madrid: Pirámide
- Rodríguez, J. (2000). Psicopatología infantil básica. Madrid: Pirámide
- Salgado, A. (2005). Manual práctico de tartamudez. Madrid: Síntesis
- Vallejo, M.A. (2012). Manual de Terapia de Conducta. Madrid: Dykinson

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías